

Sábado 3 de outubro ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Mofa & Befa: Os dous de sempre

PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS DA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN 2026

Dirección: Quico Cadaval

Dramaturxia: Carmen Varela

Elenco: Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Josito Porto

Xénero: comedia


Duración: 99 min

Público: adulto (maiores de 13 anos)

Sinopse: Moita xente, cando escoita a expresión “Os Dous de Sempre”, no primeiro que pensa é en Mofa e Befa. E a Castelao non lle parece mal. O dúo cómico fundado hai trinta anos por Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira son parte do fecundo río do humor galego que ten a súa fonte nos bufóns e no escarnio medievais, e ao que tamén pertence o humor de Castelao. Mofa e Befa pertencen á estirpe dos pallasos de circo, dos artistas do cinema mudo, dos canallas do cabaré. Agora decídense a encarnar dúas personaxes de papel, concibidos por un humorista gráfico: Os Dous de Sempre.

Pedriño e Rañolas son contraditorios, extremos, antagónicos, polarizados...mais amigos. Un é o arriscado soñador (unha forma do idealismo) e o outro é un pusilánime (unha forma do materialismo). Esta oposición entre corpo e alma, entre estómago e corazón aparece noutras parellas famosas, como Quixote e Sancho Panza, en Jacques o Fatalista e o seu patrón ou Don Celidonio e o Doutor Alveiros, de Risco. Pedriño e Rañolas entran neste selecto club, unidos a unha mancha de pallasos anónimos, artistas populares que correron as festas e romarías e que Castelao admirou con compasivo humor.

Os Dous de Sempre son como irmáns siameses, un corpo que se escinde polo bisturí do doutor Castelao, e que andan os dous polo mundo, incompletos, tentando reencontrarse e conformar de novo un corpo único, harmónico, no que unha parte rouba mazás, e outra, cómeas.



Prezo: 4,00 €

Sábado 17 de outubro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

La Guajira: NGOMA

PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS DA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN 2026

Autoría e dirección: Armando Martín Caballero

Coreografía e interpretación: Armando Martín e Gala Martín

Xénero: Danza contemporánea

Espazo sonoro orixinal e acompañamento na escena: Ismael Berdei

Duración: 50 min

Público: adulto (maiores de 12 anos)

Sinopse: NGOMA é un espectáculo de danza contemporánea e novas linguaxes que emerxe desde a memoria corporal afrodescendiente, atravesada pola enerxía vital do entroido de Santiago de Cuba. A obra propón unha viaxe física e simbólica a través do movemento, onde un pai e unha filla sosteñen o vínculo que habita na transmisión interxeracional, explorando a conexión entre ritmo, identidade e memoria e reivindicando o ancestral desde unha mirada contemporánea.

Ngoma é tambor, pero tamén é rito, é corpo. É unha cerimonia danzada que volve a mirada á orixe para reencontrarse co presente.



Prezo: 4,00 €

Sábado 24 de outubro ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Barrosanta, en coprodución con Butacazero: *Xoguetes rotos*

PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS DA REDE AGADIC 2º SEMESTRE 2026

Autoría: Carolina Román

Dirección: Xavier Castiñeira


Elenco: Anxo Outumuro e Dani Lago

Espazo sonoro: Xavier Bértolo

Duración: 70 min

Público: adulto

Sinopse: Mario é un rapaz nacido na comarca do Ribero. Mais a aldea non parece un lugar apropiado para el. Non lle gusta vendimar, nin mocear. E menos aínda pensa seguir os ditados do pai, que van en contra da súa natureza interior. Mario marcha e instálase no Vigo industrial dos 70, buscando un lugar para ser el mesmo. Pero os aforros pouco duran, e será difícil sobrevivir nesa nova hostilidade. Ata que aparece unha fada madriña: Dorín.



Prezo: 4,00 €

Sábado 31 de outubro ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Ibuprofeno Teatro: *Bio Construcción*

PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS DA REDE AGADIC 2º SEMESTRE 2026

Autoría: Santiago Cortegoso

Dirección: Marián Bañobre e Santiago Cortegoso

Elenco: Marián Bañobre e Santiago Cortegoso

Música en directo e espazo sonoro: Macarena Montesinos

Duración: 80 min

Público: adulto

Sinopse: Unha parella deixa o teatro para marchar a un lugar remoto e emprender, con toda a ilusión, o seu proxecto máis ambicioso: construír unha casa coas súas propias mans. A súa gran creación. E así pasan trinta anos, toda unha vida traballando, lonxe do mundo, cun compromiso inquebrantable.

Entre o surrealismo e o absurdo, a peza pretende ser unha reflexión metafórica sobre o fracaso, a crise climática e ecolóxica, a inxustiza do sistema inmobiliario, o amor, o teatro e a estupidez humana na sociedade contemporánea.



Prezo: 4,00 €

Sábado 28 de novembro ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Chévere: Ictus (a derradeira leición de anatomía do Dr. Castelao)

PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS DA REDE AGADIC 2º SEMESTRE 2026

Autoría: Chévere

Dirección: Xron


Elenco: Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Borja Fernández, Gema Santos e Marcos Pereira

Espazo sonoro: Xacobe Martínez Antelo

Duración: 110 min

Público: adulto

Sinopse: ICTUS é un proxecto de Chévere en coprodución co Centro Dramático Nacional. ICTUS é unha obra sobre a memoria, sobre a relación que existe entre boa memoria e boa democracia e sobre os traumas sen resolver coa nosa memoria histórica. Unha obra que usa como fío condutor o cadro titulado “A derradeira leición do mestre”, que é a derradeira pintura que Castelao asina no exilio, cando está case cego. A obra propón unha viaxe inversa no tempo, acompañando o cadro desde o acto de recibimento que lle organiza o goberno galego cando chega por primeira vez a Galicia no ano 2018, para protagonizar unha exposición sobre a educación, ata o acto en memoria de Alexandre Bóveda no que se presenta en público por primeira vez no Centro Ourensán de Bos Aires (Arxentina) o 17 de agosto de 1945, noveno cabodano do fusilamento de Bóveda polos militares golpistas, declarado Día dos Mártires de Galicia pola colectividade galega desterrada.



Prezo: 4,00 €

A compra de entradas para os espectáculos realizarase a través da plataforma electrónica (giglon.com) e no despacho de billetes dos auditorios municipais desde unha hora antes do comezo do espectáculo. **O pago no despacho só poderá efectuarse mediante tarxeta bancaria.**



- ☐ ☐ Prégase puntualidade. Por respecto aos e ás artistas e ao público, non se permitirá o acceso ao patio de butacas unha vez iniciado o espectáculo.
- ☐ ☐ En atención á lexislación vixente será de obrigado cumprimento o respecto á capacidade máxima de cada sala.
- ☐ ☐ Non se permite comer nin beber dentro do patio de butacas.
- ☐ ☐ Os móbiles permanecerán apagados durante o espectáculo.
- ☐ ☐ Non se permite fumar en ningún espazo do auditorio.
- ☐ ☐ Non se permite filmar, gravar ou sacar fotografías sen a correspondente autorización.
- ☐ ☐ Todos os espectáculos poderán sufrir modificacións canto a datas, horarios ou capacidade da sala.



**Concello de
Oleiros**

Concello de  Oleiros



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



XUNTA
DE GALICIA



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS

REDE CULTURAL



Deputación
DA CORUÑA

